



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ILUMINACIÓN DA PASARELA PEONIL DE OIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) ten previsto formalizar co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para a execución da obra de iluminación da pasarela peonil de Oira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

No Concello de Ourense, augas abaixo da presa de Velle, atópase a pasarela de Oira. Esta ponte peonil cruza o río Miño e dá continuidade ao paseo peonil existente nas dúas marxes.

Actualmente a dita pasarela non conta con iluminación artificial, o que imposibilita transitar por ela cando non hai luz natural





De acordo co artigo 7.2 do seu Estatuto, á Axencia Galega de Infraestruturas correspóndelle o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas na materia

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria das persoas usuarias vulnerables.

En relación co Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, e na liña de potenciar a mobilidade sostible, a Axencia Galega de Infraestruturas está a desenvolver unha estratexia para a execución de sendas seguras, sostibles e integradas.

Esta estratexia céntrase no fomento da mobilidade alternativa a nivel local (desprazamento cotiá e a escala comarcal), ben por tratarse de tramos que comunican núcleos de poboación entre si, ou ben por dar acceso a servizos tales como centros de saúde, farmacias, escolas, zonas deportivas, etc., buscando favorecer unha mobilidade urbana e interurbana máis sustentable.

É este o caso da pasarela de Oira, que permite o acceso peonil ao complexo deportivo municipal de Oira, e á propia praia fluvial de Oira. Trátase, por tanto, dunha mobilidade sustentable acorde cos obxectivo de fomentar o uso de medios de transporte alternativos ao vehículo privado, e de mellora da seguridade viaria ao diminuír a intensidade de tráfico nas estradas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 15 de xullo de 2016.

